



## Concello de Portomarín

### BASES DE PARTICIPACIÓN

#### “Obradoiros de Outono”

#### Programa PLAN CORRESPONSABLES – Concello de Portomarín

##### 1.- OBXECTO

As presentes bases teñen por obxecto regular o funcionamento e procedemento de admisión nas actividades de “Obradoiros de Outono” enmarcadas no programa “Plan Corresponsables 2022” do Concello de Portomarín. Promovido polo “Ministerio de Igualdade, concretamente pola Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero” e “Secretaría Xeral de igualdade da Xunta de Galicia”..

O concello de Portomarín a través das actuacións que se van a levar a cabo pretende facilitar a corresponsabilidade das familias con fillos/as dende os 3 ata os 16 anos de idade fomentando entre elas unha óptima redistribución das tarefas e os tempos de coidado favorecendo así a conciliación no ámbito laboral, familiar e personal.

As actividades propostas iran dirixidas a actividades da educación non formal, entendidas como o conxunto de actividades infantís e xuvenís de carácter cultural, ambiental, deportivo, psicomotriz, obradoiros e talleres que fomenten o desenvolvemento persoal e social dos participantes.

##### 2.-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

A *metodoloxía de traballo* será participativa e dinámica, baseada nunha pedagogía lenta, serea e sostible, onde prime o traballo en equipo e a non competitividade, tratando de que os rapaces sexan suxeitos activos e protagonistas no proceso de aprendizaxe implícito ao desenvolvemento do plan, creando espazos para a comunicación no grupo, aprendendo a pensar, e aprendendo a aprender, favorecendo a comunicación e a autonomía, as súas achegas ao programa e a implicación durante toda a duración do mesmo.

Os principios inspiradores do programa:

- A metodoloxía terá en conta os procesos antes que os resultados.





## Concello de Portomarín

- Os tempos de aprendizaxe e exploración serán flexibles e permitirán o repouso e integración dos mesmos.
- A toma de decisións será a través do diálogo e a comunicación.

### **Actividades por grupos de idades fora do horario lectivo escolar:**

- **Grupo infantil** (nenas e nenos que cumpran cos criterios de idade correspondentes aos cursos de 4º, 5º ou 6º da educación infantil. Como mínimo o/a participante deberá de ter 3 anos de idade.)  
Actividades a levar a cabo están enfocadas ao grupo de idade composta pola realización de obradoiros, xogos grupais, animación á lectura...
- **Grupo xuvenil** (nenas e nenos que cumpran cos criterios de idade correspondentes aos cursos de 1º, 2º, 3º ou 4º da educación primaria.)  
Actividades a levar a cabo están enfocadas en dinámicas de resolución de conflitos, comunicación, xogos grupais, novas tecnoloxías aplicadas ao estudo, traballo colaborativo...
- **Grupo mocidade** (rapaces e rapazas que cumpran cos criterios de idade correspondentes aos cursos de 5º e 6º da educación primaria ou os correspondentes aos cursos de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO. Establécese como criterio de idade ao momento de realizar á solicitude un máximo de 16 anos de idade para poder realizar a actividade).  
Actividades a levar a cabo están enfocadas en dinámicas de resolución de conflitos, comunicación, xogos grupais, novas tecnoloxías aplicadas ao estudo, traballo colaborativo, de pensamento crítico ...

### **3.- DESTINATARIOS/AS E REQUISITOS**

O servizo está dirixido a rapaces e rapazas entre os 3 aos 16 anos de idade coas consideración establecidas no punto segundo das presentes bases; empadroados/as na vila de Portomarín con anterioridade a publicación destas bases ou aqueles/as matriculados no CEIP "Virxe da Luz". O servizo será de carácter gratuíto.

Poderán participar rapaces/rapazas non empadroados que permanezcan na vila durante periodos non lectivos e que conten con familiares de primeiro grao de





## Concello de Portomarín

consanguinidade empadronados na vila con anterioridade á solicitude(pai/nai); e que por motivos de conciliación da vida persoal, laboral e familiar precisen deste servizo.

Os/as participantes que non cumpran ditos requisitos non poderán participar no programa.

### 4.- PRAZAS E CALENDARIO

As prazas ofertadas quedarán condicionadas as disposicións aplicables que a administración autonómica e estatal dispoñan en relación ao COVID-19. O número máximo de prazas ofertadas é de 15 alumnos/as por actividade.

O servizo comprende entre o 14/11/2022-30/12/2022. O horario é en turno de tarde dende as 15:00h ata as 19:30h de luns a venres para os grupos de infantil e xuvenil. E mocidade. Para os grupos de infantil e xuvenil estará dispoñible o servizo de recollida no centro educativo "Ceip Virxe da Luz", debendo solicitalo previamente na inscrición. O horario de recollida será ás 14:50h, o/a monitor acompañará aos participantes dende o centro educativo ata a instalación municipal onde se realicen as actividades.

Na solicitude deberán marcar o día/días da semana na que o/a alumno/a queira participar, sendo posible que o/a menor participe en todos os días da semana. No caso de existir máis solicitudes que prazas, asignaríanse en función aos criterios recollidos no punto sexto das presentes bases.

Cabe sinalar, que o calendario, horario, así como a tipoloxía de actividades poderá ser modificada en función das necesidades que se detecten ou polas condicións da covid-19 o longo do seu período de execución ou ben por criterios de organización dos grupos e/ou actividades.

### 5.- FUNCIONAMENTO

O servizo será dirixido e coordinado pola empresa adjudicataria do servizo. Esta desenvolverá e dirixirá o servizo durante o tempo das actividades.





## Concello de Portomarín

- No caso de que o comportamento dun alumno/a afecte ao normal funcionamento da actividade procederase a avisar á familia, e de persistir, a dar de baixa ao alumno/a.
- Os rapaces/as poderán levar a merenda da súa casa; sempre e cando se trate de alimento saudables.
- Para poder ser beneficiario/a do servizo, o/a neno/a non poderá faltar sen xustificar máis de tres días. De ser así darase de baixa ao neno/a no servizo. Así mesmo, a falta de puntualidade na recollida dos participantes/as poderá supoñer a perda do dereito a actividade.
- Os/as participantes deberán acudir ó servizo respectando en todo momento os horarios de entrada habilitados para cada grupo de participantes e a zona habilitada de entrada ao recinto.
- Os participantes estarán sempre acompañados do persoal cualificado que desempeñará o posto. Non se permitirá o acceso ás instalacións onde se realice o servizo, de ninguén máis que os/as participantes, os monitores ou responsables e coordinadores das actividades ou instalacións.

### 6.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

É requisito indispensable para a adxudicación de praza cumprir cos criterios establecidos nos puntos segundo e terceiro das presentes bases. Terán prioridade na asignación de praza aquelas/as familias que reúnan os seguintes criterios:

- Con carácter prioritario vítimas de violencia de xénero en todas as súas manifestacións, familias monoparentais ou outras de especial consideración, mulleres en situación de desemprego que esteñan a realizar accións formativas ou de búsqueda activa de emprego; e por último mulleres con idade superior aos 45 anos con cargas familiares.
- Proxenitores/as que se encontren traballando no período solicitado de disfrute da actividade. Terán prioridade na asignación de praza aqueles/as que





## Concello de Portomarín

traballen a unha distancia de máis de 20 km respecto da vila. Tendo preferencia aqueles/as que a súa xornada laboral teña comezo con anterioridade ao inicio do campamento.

- Criterio de valoración da renda familiar (\*), priorizando as familias cuxa renda per capita sexa menor. A renda deberá de ser inferior ou igual a 6,5 veces o IPREM. A cal se verá incrementada nun 15% para familias de especial consideración (f.numerosas, f.monoparentais, mulleres vítimas de violencia de xénero con fillos/as a cargo ou calquera outra susceptible de valoración por parte das técnicas dos servizos sociais municipais).
- No caso de que varios irmáns presenten solicitude para o mesmo día ou días, o feito de que un dos irmáns sexa admitido, suporá a admisión dos demais irmáns.
- Aquelas familias que non se encontren nos supostos anteriores ou ben non acrediten documentalmente a súa situación o criterio de adxudicación de praza establecerase conforme ao nº de orde de rexistro de entrada da solicitude.

Os/as solicitantes non admitidos pasarán a formar parte dunha lista de agarda, seguindo a orde establecida no apartado anterior.

**\*O cálculo da renda per cápita da unidade familiar** é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2021 entre o número de membros computables.

### 7.- PROCEDEMENTO-SOLICITUDES

As solicitudes estarán dispoñibles na páxina web do concello de Portomarín <http://www.concellodeportomarin.es/> e na oficina de rexistro do concello. Todas as persoas solicitantes, ao momento de presentar a súa solicitude estarán aceptando as presentes bases.

As solicitudes serán cursadas polos/las proxenitores ou titores/as legais dos alumnos e alumnas no modelo facilitado polo concello de Portomarín (ANEXO I). O prazo de solicitudes será de 6 días naturais contados a partir da publicación das presentes





## Concello de Portomarín

bases na páxina web municipal, sede electrónica, taboleiro de anuncios ou calquera outro medio que se considere idóneo co obxecto de promover a súa difusión pública.

**A presentación de solicitudes e demais documentación poderá presentarse a través da:**

- Sede electrónica municipal <https://portomarin.sedelectronica.gal/info.0>
- Rexistros administrativos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**7.1 As solicitudes deberán ir acompañadas obrigatoriamente da seguinte documentación:**

- Orixinais do DNI dos dous proxenitores ou titores legais; e de ser o caso do alumno/a.
- Solicitud (Anexo I)

**7.2 Documentación acreditativa a aportar en base aos criterios de orde de adxudicación de praza.**

- Documento oficial acreditativo da situación para aqueles casos de vítimas de violencia de xénero en todas as súas manifestacións, familias monoparentais ou outras de especial consideración, mulleres en situación de desemprego que esteñan a realizar accións formativas ou de búsqueda activa de emprego; e por último mulleres con idade superior aos 45 anos con cargas familiares.
- Para a acreditación da incompatibilidade horaria dos/as pais/nais ou titores:
  - No caso de traballadores por conta allea: certificado da empresa en que se acredite o seu horario laboral e o período de disfrute das vacacións no verán 2022.





## Concello de Portomarín

- No caso de traballadores por conta propia (autónomos): declaración xurada do profesional que traballa por conta propia con indicación da xornada laboral, o periodo de disfrute de vacacións no verán 2022, e o último recibo en vigor da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

- Declaración de ingresos da unidade familiar en relación ao IPREM 2021 (ANEXO II).
- No caso de que dous ou máis irmáns se inscriban nos mesmos días de actividade, a admisión dun deles suporá a admisión dos demais irmáns.
- Naqueles casos de separación ou divorcio no que o/a proxenitor do/a menor ostente a custodia no periodo de inscrición: copia do convenio regulador de separación ou divorcio; declaración xurada da situación que ostenta ou calquera outro probatorio da situación.

Documentación acreditativa da situación de familia de consideración especial obxecto de criterios de renta:

- Familias numerosas - título oficial de Familia Numerosa, familias monoparentais certificado oficial de monoparentalidade. Acreditación da condición de muller vítima de violencia de xénero con fillos a cargo.
- Persoas con discapacidade dun 33% ou máis: certificado de recoñecemento da situación de discapacidade ou ben mediante tarxeta acreditativa.

A presente administración resérvase o dereito a poder solicitar calquera outra documentación complementaria ou adicional á requerida; en calquera momento dentro do período de execución do servizo previa comunicación ás familias.

### 8.- PUBLICACIÓN DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e revisadas todas as presentadas, publicarase na páxina web municipal





## Concello de Portomarín

<http://www.concellodeportomarin.es/> e na sede electrónica <https://portomarin.sedelectronica.gal/info.0> a relación de persoas admitidas e excluídas. Os/as solicitantes disporán dun prazo de dous días naturais para a subsanación de calquera erro.

### 9.- MODIFICACIÓNS, SUSPENSIÓN OU CANCELACIÓN DO SERVIZO.

O correcto funcionamento deste servizo estará condicionado á actual situación sanitaria, podendo sufrir modificacións, suspensión de servizos ou a total cancelación do programa segundo sexa necesario para garantir a seguridade e saúde dos/das participantes, así como dos/as monitores, traballadores e as súas familias. Tamén será motivo de suspensión ou cancelación se non se alcanza o número mínimo de dez participantes/as.

Calquera modificación, suspensión ou cancelación do programa será notificado ás familias participantes.

**Asinado electrónicamente á marxe do documento**

**O Sr. Alcalde – Presidente**

**Pablo Rivas Folgueira**

